



Sufraxio e representaciÃ³n polÃtica da diÃ¡spora galega

DescriciÃ³n



No tempo presente o futuro de cada paÃs, de cada colectividade debe ser contemplado na sÃ³a relaciÃ³n co exterior. Estar presente no mundo Ã© unha das formas esenciais de garantir o propio futuro. Pois ben, nÃ³s estamos presentes no mundo dende hai tempo, a travÃ©s dunha diÃ¡spora, produto tanto da emigraciÃ³n como do exilio, que constitÃ³e un activo esencial para que as relaciÃ³ns de Galicia progresen no mundo. (Foto: Barco no horizonte, visto desde a praia de Samil en Vigo. Ã© Fernando Pol).

Ã

1. A emigraciÃ³n, presente na vida polÃtica, social e cultural de Galicia

A emigraciÃ³n pertÃncenos, forma parte da nosa identidade, non se entende Galicia sen falar da nosa emigraciÃ³n. Ata hai pouco tempo sempre foi enfocada dende a perspectiva da Ã©œanomalÃa, Ã© dicir, da privaciÃ³n, como paÃs, de recursos humanos de gran valor e que sÃ³ o seu retorno poderÃa emendar.

A emigraciÃ³n hoxe deixou de ser un tema de preocupaciÃ³n nesa liÃ±a tradicional, por mÃ¡is que aÃnda haxa galegos que saian do seu paÃs en busca de traballo ou mellores expectativas profesionais.

No enfoque actual predominan outras consideraciÃ³ns, nomeadamente:

Ãœ A importancia dos emigrantes como votantes, ata o punto de condicionar a formaciÃ³n de maiorÃas absolutas en determinados Ãmbitos, especialmente o local e o autonÃ³mico.

Ãœ A situaciÃ³n social dos emigrantes en determinados paÃses que por mor de crises econÃ³micas ou doutra natureza, reclaman medidas de atenciÃ³n por parte dos diferentes gobernos e administraciÃ³ns, tanto local como autonÃ³mico e mesmo central. A Galicia beneficiada polas remesas dos nosos emigrantes noutro tempo, pode hoxe devolver en forma de asistencia social parte dese legado histÃ³rico tan presente na nosa xeografÃa, a educativa a e outras.

Ãœ O aproveitamento dese capital humano relacional que supÃ³n o dispoÃ±er de galegos ocupando posiciÃ³ns relevantes nas sociedades de acollida, tanto no Ãmbito polÃtico, econÃ³mico, social e cultural, en condiciÃ³ns de contribuír Ã³ favorecemento de dinÃ¡micas de cooperaciÃ³n e intercambio con Galicia, hoxe mÃ¡is capaz por dispor tamÃ³n de posibilidades de actuaciÃ³n, con autonomÃa, no concerto internacional.

2. A emigraciÃ³n e a mundializaciÃ³n: un activo irrenunciabile

Dise, e con bastante razÃ³n, que no tempo presente o futuro de cada paÃs, de cada colectividade debe ser contemplado

na súa relación co exterior. Estar presente no mundo é unha das formas esenciais de garantir o propio futuro. Pois ben, nós estamos presentes no mundo dende hai tempo, a través dunha diáspora, produto tanto da emigración como do exilio, que constitúe un activo esencial para que as relacións de Galicia progresen no mundo.

Dispoñemos de políticos, de empresarios, de xente da cultura, dos sindicatos, da vida profesional, do eido xurídico ou eclesástico, recursos todos de indubidable valor que, aproveitados racionalmente e dende unha perspectiva de beneficio recíproco poden favorecer a transformación dos desafíos que supón a mundialización en oportunidades para facer progresar o noso país.

Galicia non pode renunciar á súa diáspora, debe facer por incorporala á proceso de construción do seu benestar, abrindo formas de operar e mecanismos que permitan un aproveitamento real e efectivo da súa potencialidade.

3. Estratexias de vinculación (no cultural, no económico, no social)

Calquera propósito de consideración da diáspora debe tomar en consideración diferentes perspectivas, tantas como necesarias para facer posible a construción real dese terceiro espazo onde se poidan atopar a Galicia territorial e a Galicia da diáspora. Queda aínda moito por facer nese terreo, non soamente no ámbito do estudo da emigración ou o exilio dende unha perspectiva histórica, senón do propio coñecemento contemporáneo das oportunidades que pode brindar un tratamento adecuado de semellante riqueza humana, especialmente polo dobre factor de intensa integración na sociedade de acollida e conservación das raíces que a relacionan coa súa orixe.

A definición de mecanismos activos de vinculación, con programas continuados de alto valor engadido resulta de importancia extrema naqueles contextos en que o tránsito xeracional nos leva a pensar con fundamento na desaparición do segundo factor citado, isto é, a perda das raíces.

Cando falamos de vinculación estamos a pensar na necesidade de que a diáspora sexa unha preocupación do país, non soamente da administración. Na asunción desa perspectiva deben operar actores culturais, económicos ou sociais para optimizar adecuadamente os recursos de que dispoñemos no exterior e especializar o noso nivel de resposta para que os vínculos así establecidos poidan evolucionar a partir da identificación dos intereses comúns.

4. A vinculación política

O gran desafío para propiciar unha mirada diferente do papel da diáspora no presente de Galicia cónpre referilo á vertente política. O reto consiste en habilitar os medios para pasar da instrumentación á configuración dun espazo xenuíno onde a diáspora dispoña de voz propia para alentar o debate da súa problemática específica, sen intermediarios, e contribuír dende a súa óptica á debate xeral. Trátase pois de artellar a representación política da diáspora, hoxe ausente na política galega.

4.1. Institucional e partidaria

Cónpre en calquera caso salienta que nos últimos anos se propiciaron medidas que dan conta da crecente importancia política da diáspora. Tanto a existencia dunha comisión de emigración no Parlamento galego como a creación dun departamento específico nesta materia co rango de Consellería evidencian con claridade que algo mudou nos últimos tempos. Igualmente, no ámbito local dispúxéronse numerosas iniciativas (viaxes, subvencións) para afortalar as relacións entre unha comunidade emigrante e o concello do que partiron no seu día. Mesmo xurdiron voces, a raíz esencialmente da crise arxentina de 2001, no sentido de que boa parte da cooperación internacional ao desenvolvemento deba contemplar o apoio ás emigrantes en situación de dificultade económica. Un exceso conceptual, sen dúbida, pois unha cousa é a extensión da rede de apoio social a cidadáns que residen fora do país e outra a acción en materia de cooperación internacional. As dúas poden desenvolverse fora de Galicia, pero a natureza de cada unha é ben diferente.

No eido partidario aconteceu outro tanto. Os principais partidos políticos galegos estreitaron as súas relacións coa diáspora, establecendo responsábeis nesta materia nos seus órganos dirixentes, efectuando xiras periódicas a determinados países, creando organización na propia diáspora, etc.

E debemos deixar constancia de que ese interese político crecente obedece á transcendencia electoral do feito da diáspora e por iso mesmo é motivo de frecuente controversia entre os partidos políticos.

Ã· A importancia electoral da diÃ¡spora

Na actualidade, a presenza de galegos e galegas no exterior alcanza a todos os continentes. Sen dÃºbida a concentraciÃ³n de maior relevancia atÃ³pase en AmÃ©rica Latina e en Europa. Argentina con 330.000 galegos e AlemaÃ±a con 90.000 son o paradigma da diÃ¡spora. TamÃ©n Estados Unidos, por exemplo, con 75.000 ou Brasil, con 95.000 ou SuÃ¡za con 60.000, reflicten cifras altamente significativas.

O Estatuto de AutonomÃ­a de Galicia, como marco referencial das competencias galegas en materia de sufraxio, posibilitou o desenvolvemento da Lei de RecoÃ±ecemento da Galegidade que xunto co marco estatal da Lei de RÃ©xime Electoral contemplan o dereito ao voto dos residentes no exterior.

Nas pasadas elecciÃ³ns do 2001 ao Parlamento de Galicia, atendendo ao criterio provincial, tendo en conta o listado de electores no exterior nos paÃ­ses onde se desenvolve o proxecto do Foros Bilaterais, obtemos os seguintes datos. 268.452 persoas tiveron o dereito a exercer o voto segundo datos do INE: 58.036 de A CoruÃ±a, 21.239 de Pontevedra, 33.071 de Ourense e 21.239 en Lugo. Ver TÃ¡boa 1.

TÃ¡boa 1. NÃºmero de Electores residentes no estranxeiro por paÃ­ses

Ã	A CoruÃ±a	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Total	58.036	21.239	33.701	50.795	Ã
Argentina	28.687	15.040	12.823	22.839	79.389
Brasil	5.616	876	4.628	9.226	20.346
MÃ©xico	647	295	5.294	2.395	8.631
Uruguai	14.029	1.990	2.156	8.889	27.064
Venezuela	9.057	3.038	8.800	7.446	28.341

Fonte: INE.

O peso do voto emigrante en relaciÃ³n Ã¡ poboaciÃ³n total Ã© do 10,45% sendo a provincia de Ourense a que se caracteriza por posuÃ­r o Ã­ndice mÃ¡is elevado de porcentaxe de electores no exterior cun elevado 17,3 % fronte ao 9,45% de A CoruÃ±a ou o 9,42 % de Lugo. Ver TÃ¡boa 2.

TÃ¡boa 2. Listado definitivo de electores por provincia

Ã	Galicia	Estranxeiro	Total
Total	2.299.219	268.451	2.567.670
A CoruÃ±a	941.509	98.291	1.039.800

Lugo	313.034	32.564	345.598
Ourense	290.873	59.730	350.603
Pontevedra	753.803	77.866	831.669

Asemade, os datos do INE en relaciÃ³n Ãs Ãltimas elecciÃ³ns ao Parlamento de Galicia reflicten unha elevada presenza de galegos e galegas nas cohortes que abranguen dos 85 ate 100 anos, ao representar ao 9,53% da poboaciÃ³n, Ã© dicir, falamos dun total de 25.581 persoas cunha idade moi avanzada. Ver TÃ¡boa 3.

TÃ¡boa 3. ElecciÃ³ns Galicia 2001, distribuciÃ³n por idade CERA, listas de votaciÃ³n

Â	NÃºmero	Porcentaxe
Total	268.452	100,00
Ate 84	255.533	95,19
85 e mÃ¡is	12.919	4,81
85-89	6.869	2,56
90-94	4.582	1,71
95-99	1.211	0,45
100-104	227	0,08
105 e mÃ¡is	30	0,01

Se a prÃ³xima convocatoria das elecciÃ³ns favoreceu a ampliaciÃ³n do prazo de escrutinio das papeletas remitidas dende o exterior, pasando de tres a cinco dÃas, o control do proceso nos consulados, asÃ como o acceso Ã informaciÃ³n e Ãs papeletas de todos os partidos polÃticos e mesmo a presenza de interventores son obxecto de controversia Ã hora de garantir un proceso limpo e transparente.

Os integrantes da diÃ¡spora galega teÃ±en o deber e dereito ao exercicio de voto e polo tanto a decidir sobre a composiciÃ³n, en primeiro lugar, dos 75 membros do Parlamento galego. Nas pasadas elecciÃ³ns de 2001 foron considerados vÃlidos 67.883 votos emitidos no exterior. Nas elecciÃ³ns Ãs Cortes Xerais do Estado de marzo de 2004, un total de 224.222 galegos e galegas puideran exercer o dereito o voto. Ã© dicir, tiÃ±en un peso de 11,3%.

Agora mesmo, na oitava convocatoria dos comicios autonÃ³micos (lembremos que as elecciÃ³ns celebrÃ¡ronse por primeira vez no 1981 e despois convocÃ¡ronse nos seguintes anos: 1985, 1989, 1993, 1997, 2001 e 2005), desatou, como en anteriores ocasiÃ³ns, a polÃmica en torno ao voto emigrante, polÃmica constante porque ten modificado o reparto

de escanos en favor ou en detrimento dalgunha forza política, como aconteceu nas eleccións do 1997 na provincia de Ourense ou nas derradeiras eleccións ao Parlamento Europeo.

No tocante ao criterio de participación nas pasadas eleccións autonómicas, os concellos onde se rexistrou unha maior presenza de voto emigrante foron: Avión, cun 51,29 %, é dicir, máis da metade dos seus habitantes (fundamentalmente radicados en México), seguido de Beariz e do Val do Dubra. Ver Taboia 4.

Taboia 4. Concellos galegos coa porcentaxe de votos do exterior máis elevada

Concello	Estranxeiros	Total	%
Avión	2.307	4.498	51,29
Beariz	1.013	2.144	47,25
Val do Dubra	3.493	7.657	45,62
Bande	1.529	3.779	40,46
Arnoia	647	1.736	37,27
Gomesende	579	1.580	36,65

· A representación política da diáspora

O debate arredor da participación política da diáspora tense centrado, esencialmente, nos seguintes temas: as carencias do censo de residentes ausentes (CERA); a limpeza e transparencia do proceso electoral, isto é, as garantías da emisión do dereito de sufraxio en condicións homologables; e, por último, a igualdade de oportunidades entre os partidos políticos para facer chegar á diáspora o seu discurso e as súas propostas.

Cómpre advertir en todo caso que a participación electoral non equivale a participación política; sen dúbida é unha manifestación daquela, pero parcial.

· Carencias da situación actual: o voto inacabado

Entendemos por voto inacabado aquel que unha vez emitido non serve plenamente para representar ao representado. Os emigrantes votan pero non elixen, contribúen co seu voto á elección de representantes que, en realidade, non os poden representar, pois a súa vida desenvólvese a centos ou milleiros de quilómetros de distancia. A participación, así viabilizada, non produce unha representación da diáspora senón unha distorsión do sistema democrático ao permitir a influencia determinante no proceso electoral de persoas ausentes do debate político que se produce na correspondente demarcación.

· Propostas alternativas: o espazo político da diáspora

O que cabe reivindicar é a existencia dun espazo político xenuíno onde a diáspora poida estar cabalmente representada e que os seus representantes poidan incorporar á debate político galego a súa problemática.

Esta situación descarta a participación dos emigrantes no ámbito local. Non ten sentido que os votos de persoas que non viven nunha determinada municipalidade poidan determinar o signo dun goberno local (e, paradoxalmente, que moitos inmigrantes residentes non poidan votar ou que tampouco poidan facelo os que están máis próximos, residindo en

León, poñamos por caso). Os emigrantes galegos, alí onde estean, deben integrarse activamente na vida política e social das comunidades de acollida.

Pola contra, o ámbito autonómico semella o mais idóneo para a construción dese espazo político da diáspora con representación propia. Quere iso dicir que deberá habilitarse a reserva dun número específico de deputados que deben proceder da diáspora e ser elixidos directamente polas comunidades do exterior, sen que co seu voto poda distorsionar o signo da representación decidida polos habitualmente residentes nas catro provincias galegas.

Igualmente, o propio poderá dicirse no ámbito das eleccións legislativas a nivel de Estado. No ámbito comunitario, a cuestión poderá suscitarse en tanto se admitise a circunscrición electoral autonómica. Mentres tanto, a situación actual poderá manterse.

5. Conclusións

A diáspora debe ter a oportunidade de facer unha achega estable á política galega, pero actuando como auténtica protagonista das súas inxerencias e intereses. E nesas condicións, a política pode contribuír de forma decisiva a dinamizar todos os ámbitos das relacións bilaterais, optimizando o valor dese capital relacional que hoxe está moi infrutilizado aínda, cando non limitado á súa instrumentación electoral, con efectos, queirámolo ou non, perversos, na medida en que a ecuación representante/representado está alterada por adosamentos extemporáneos.

Esta aposta por unha integración sincera da diáspora na vida política galega contribuír á erradicar as prácticas nocivas para a saúde do sistema democrático.

Para instrumentala deberá crearse unha Ponencia con participación política plural e representación da propia diáspora a fin de ditaminar os textos normativos a modificar. O futuro debate a propósito da reforma do Estatuto de Galicia non deberá deixar de lado esta cuestión.

Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Aíño estranxeira da Galiza ARQUIVO

IDIOMA

Galego

INVESTIGACION

Paradiplomática

Data de creación

Junho 16, 2005

Metacampos

Autoría : 3717

Data publicación : 20050616